

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xogos

O xogo da tixola

Nas festas patronais do barrio de San Lázaro, Mondoñedo (Lugo), do ano 1956 xogouse a este xogo, concretamente na primeira hora da tarde do luns, día 2 de abril.



A preparación consistía en apegar con pez unha moeda ao cu dunha tixola ben lixada de sarrío ou borra. Poñíase un cordel horizontal e amarrábase outro ao mango da tixola, para facer que esta subise e baixase tirándolle do cordel que se apoiaba sobre o cordón posto en horizontal.

O xogo consistía en que o mozo competidor intentase coller coa boca a moeda, operación que complicaba quen manexaba o cordel da tixola (un adulto na foto) subíndoa e baixándoa. Beizos e cara do ousado soían acabar tismadiños de todo.

Información do xornal “*Mondoñedo*”, publicación editada pola sociedade “Amigos da Cidade de Mondoñedo”, nº 85, xuño, 2008, páx. 5.